

CONTRAPORTADA



Xaquín Dosil

'Non todos os árbitros son do Real Madrid'

H. Vixande



Xunto con Xacinto González-Oya, vén de publicar "La psicología del árbitro de fútbol" (Toxosoutos). Trátase de Xaquín Dosil, que ademais é profesor de psicoloxía do deporte na Universidade de Vigo.

Non era mellor escribir un libro sobre a psicoloxía do xuíz de liña? Dígoo por Rafa Guerrero. Ese merece unha enciclopedia.

É unha posibilidade, pero tomamos como referencia todo o colectivo arbitral e non nos esquecemos dos xuíces de liña. Moitos dos exemplos que trata o libro falan deles.

Psicoloxía do árbitro de fútbol. Resúmolla eu: como ser do Real Madrid sen que se note.

Ten toda a razón. Tamén a maioría dos afeccionados son do Real Madrid ou do Barcelona, cando aquí temos equipos de primeira categoría como o Celta, o Deportivo ou o Pontevedra, no que teño a sorte de traballar. Afortunadamente iso está a cambiar e cada vez búscase menos fóra de Galiza o que temos aquí.

En todo caso, para ser árbitro hai que ter dotes de protagonismo.

Máis que iso, paixón polo deporte. A xente escolle esta actividade porque lle gusta o fútbol e non pode practicalo pero quere seguir relacionado con el.

Non será por diñeiro?

Nas categorías baixas cobran moi pouco. A cantidade sube segundo se achegan ao fútbol profesional, pero a maioría non está por diñeiro, senón por motivos intrínsecos, persoais, non de protagonismo.

Algúns fanse famosos, como Pierluigi Collina.

Hai de todo pero a virtude dun bo árbitro é que pase desapercibido, que non sexa famoso polas súas actuacións. Os mellores son aqueles dos que non se fala.

Trata de mellorar o rendemento e o benestar dos árbitros. Que pretende, que piten dous partidos ao mesmo tempo?

O que buscamos é facer unha contribución na preparación dos árbitros e no seu estado mental. Que o colexiado saque beneficio das súas habilidades psicolóxicas.

Refírese a saber distinguir entre penalti e piscinazo?

Iso é a conclusión, a toma de decisións, que sexan correctas. Se o árbitro non está ben situado e non está concentrado, é difícil que poda percibir se é penalti ou non o é. A lectura do noso libro penso que pode axudar.

Respecto ao benestar, a maioría dos lectores preferiría torturalos un pouco.

A verdade é que unha boa actuación só é posíbel con bos coñecementos técnicos, tácticos e psicolóxicos. E cunha boa actuación a súa integridade estaría asegurada.

Non sería posíbel aplicar a máxima: menos psicoloxía e máis moviola?

Depende de cada un, pero penso que se nos concentramos nos aspectos deportivos e nas capacidades dos árbitros, penso que non teríamos que estar durante unha semana a falar da moviola.

Parece que algo non funciona. Antes estaba o árbitro auxiliado por dous xuíces de liña. Agora hai un cuarto colexiado, pero erros, os mesmos.

A arbitrase evoluciona e incorpora as novas tecnoloxías, como a posibilidade de comunicarse co cuarto árbitro, pero iso non elimina os erros. É unha cuestión de autocontrol. O regulamento coñéceno todos os árbitros, pero sen autocontrol non pode aplicarse ben.

Os do meu equipo a quen máis temen é aos árbitros moi motivados.

Se unha persoa prepara a súa actuación, fará mellor o seu traballo. Un árbitro ten que estudar os dous equipos para colocarse mellor no seguimento do xogo. Estar motivado é importante pero hai outras variábeis como o control da activación, o que chamamos estar nervioso, que afecta moito. Outra é a concentración, que pode facer que se perdan xogadas importantes. Outra é autoconfianza, que se diminúe por un erro é motivo de novas actuacións negativas. Hai un conglomerado de variábeis que hai que ter en conta.

